



COMUNICADO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE TUI

A Corporación do Concello de Tui, integrada polos Grupos Municipais do Partido Popular, Acción Tudense, PSdeG-PSOE, Bloque Nacionalista Galego e Convergencia XXI, diante dos acontecementos que se están a producir en relación ao *mercadillo dos xoves*, por un grupo de veciños de Tui de etnia xitana, mediante o presente queremos manifestar que:

É de coñecemento público que, o pasado 30 de novembro, retornaron aos seus domicilios en Tui e O Porriño, un importante número de familias xitanas que marcharan a raíz do conflito suscitado en Tui con outros vendedores ambulantes da mesma etnia.

Despois de varios días do seu retorno e non poucas reunións e negociacións entre ambos clans familiares para resolver as súas diferenzas, o problema segue sen solucionarse e estas familias de vendedores ambulantes (*zamoranos e castellanos*), sítense, obxectivamente, intimidadas e privadas de exercer os seus máis elementais dereitos, tanto de traballo como de residencia, que os obrigou a tomar decisións tan drásticas como a de non mandar aos nenos á escola, encerrarse nas súas casas, non traballar e planificar unha nova fuxida.

Esta Corporación Municipal considera que a falta de denuncias por parte dos afectados, que, evidentemente non as hai nin as haberá por razóns de cultura e sobre todo de MEDO a represalias, non debe ser óbice para que se protexan os dereitos fundamentais que teñen como son o de traballo, residencia e integridade física.

É por elo que:


1º.- Esiximos a inmediata intervención policial e xudicial, de oficio, en Tui, con respecto a esta asunto de vital importancia. Toda vez que é coñecido por todos e sábese que as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado teñen datos suficientes para poder intervenir.

2º.- Esiximos tamén que se emprendan accións xudiciais pola vulneración dos dereitos constitucionalmente recoñecidos de traballo, residencia e escolaridade, xa que, nin a sociedade tudense, nin a galega poden permitir esa vulneración de Dereitos.

3º.- Enviar o presente comunicado á Xunta de Galicia, á Subdelegación do Goberno, ao Fiscal Xefe de Galicia e ao Valedor do Pobo.

En Tui a 4 de decembro de 2014

Asinado polos membros da Corporación do Concello de Tui


ALTERNATIVA TUDENSE
PSDE G-PSOE
BNG
C2L
651
P.P.